



RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A CADUCIDADE DAS CONCESIÓNS DE EXPLOTACIÓN "VULCANO" NÚM. 4301, "AMPLIACIÓN A VULCANO" NÚM. 4319, "VULCANO TERCERA" NÚM. 4326, E "COTO VULCANO" NÚM. 5623 NO TERMO MUNICIPAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Examinado o expediente sobre a solicitude de caducidade dos dereitos mineiros dos recursos da sección C) e D) "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319, "Vulcano Tercera" núm. 4326, e "Coto Vulcano" núm. 5623, presentada pola titular Lignitos de Meirama, S.A, resultan os seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A concesión de explotación Vulcano, núm. 4301 foi concedida segundo título do do 27.10.1969 para a explotación de mineral de caolín.

As concesións de explotación Ampliación a Vulcano, núm. 4319, Vulcano Tercera, núm. 4326 foron concedidas segundo títulos do 27.10.1969 para a explotación de mineral de caolín e lignito.

A concesión de explotación Coto Vulcano, núm. 5623 foi concedida segundo título do 01.12.1969 para a explotación de mineral de caolín.

O conxunto das ditas concesións de explotación, coñecido como Grupo Mineiro Vulcano ou Mina de Meirama foi transmitido por resolución do 08.10.1974 a favor da sociedade Lignitos de Meirama, SA (Limeisa).

Segundo.- O 11.01.1979 o Ministerio de Industria resolveu consolidar os dereitos mineiros das ditas concesións administrativas por un período de 90 anos, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, para a explotación de mineral de lignito.

Terceiro.- O 13.03.2009 a Consellería de Innovación e Industria autorizou o abandono e peche da mina de Meirama, trala finalización da explotación dos recursos mineiros, segundo o proxecto denominado *Plan de cierre de la mina de Meirama*.

Cuarto.- O 07.07.2014 a Consellería de Economía e Industria declarou a caducidade da concesión de explotación de recursos da sección D) Coto Vulcano, núm. 5623, por renuncia voluntaria da titular.

Quinto.- O 01.06.2020 Roberto García Philippon, en nome e representación de Lignitos de Meirama, SA, solicitou o abandono definitivo da mina de Meirama e presentou a renuncia voluntaria ás concesións de explotación "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319 e "Vulcano Tercera" núm. 4326, de 116, 883 e 548 pertencenzas mineiras respectivamente.





Sexto.- O 28.04.2021 a Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (VCEEI) da Coruña autorizou o abandono e clausura definitiva dos labores mineiros nas concesións de explotación de recursos mineiros da sección C) Vulcano, núm. 4301, Ampliación a Vulcano, núm. 4319, Vulcano Tercera, núm. 4326 e Coto Vulcano, núm. 5623.

Sétimo.- O 30.07.2021 os servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña informaron favorablemente a caducidade das concesións de explotación de recursos da sección D) "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319, "Vulcano Tercera" núm. 4326.

Oitavo.- O 04.08.2021 a Xefatura Territorial da VCEEI, ditou proposta de resolución no senso de aceptar a renuncia e declarar a caducidade dos dereitos mineiros de recursos da sección D) "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319 e "Vulcano Tercera" núm. 4326.

Noveno.- O 01.12.2021 os servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña emitiron un novo informe favorable á caducidade dos dereitos.

Décimo.- O 07.12.2021 a Xefatura Territorial da VCEEI ditou, á vista de ambos informes, unha nova proposta de resolución no senso de aceptar a renuncia voluntaria e declarar a caducidade dos dereitos mineiros para recursos da sección C e D "Vulcano", núm. 4301, "Ampliación a Vulcano", núm. 4319 e "Vulcano Tercera", núm. 4326, e de declarar a caducidade da Concesión de explotación de recursos da sección C) "Coto Vulcano" núm. 5623.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- De acordo co artigo 39 do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG núm. 5, do 11.01.2021), corresponde ás Xefaturas Territoriais a instrución dos procedementos e a elaboración da proposta de declaración de caducidade dos dereitos mineiros.

Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, corresponde ao titular da consellería competente en materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia declarar a caducidade dos dereitos mineiros, competencia delegada na persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de acordo co artigo 2 da Orde do 24 de xuño 2021 sobre delegación de competencias en diversos órganos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG núm. 127, do 06.07.2021).

Segunda.- A lexislación aplicable a este expediente é:

- a) A Lei 22/1973, de 21 de xullo, de minas
- b) A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
- c) A Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con





especial atención aos recursos minerais enerxéticos.

d) O Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Terceira.- Segundo o establecido no artigo 1 da Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de Minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos, os carbóns, entre outros minerais enerxéticos, quedan excluídos da sección C) do artigo 3 da Lei de minas do 21 de xullo de 1973, e pasan a constituír unha nova sección denominada D).

En consecuencia, as concesións de explotación outorgadas para os recursos mineiros caolín e lignito, pasaron a considerarse concesións de explotación dos recursos C) e D) para cada un dos respectivos recursos mineiros.

Cuarta.- O Artigo 109 do Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, indica que as concesións de explotación de recursos da sección C (e por analogía as da D) declararanse caducadas, entre outras causas, por renuncia voluntaria do titular aceptada pola administración, así como por esgotamento do recurso ou recursos.

O procedemento para declarar a caducidade dunha concesión de explotación vén determinado polas normas recollidas no artigo 111 do Real decreto 2857/1978, de 25 de agosto polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, segundo o que *"as renuncias voluntarias formularanse na Delegación Provincial correspondente, mediante escrito dirixido ao Ministerio de Industria y Energía, indicando se se atopan ou non libres de cargas ou gravames [...] A Delegación Provincial elevará o expediente, co seu informe, á Dirección General de Minas e Industrias de la Construcción, xunto, en caso de existir dereitos de carácter laboral, un informe da Delegación Provincial del Ministerio de Trabajo.*

Se a Dirección General de Minas e Industrias de la Construcción considera que debe aceptarse a renuncia, elevará a proposta ao Ministerio para o correspondente acordo de caducidade."

Quinta.- A proposta de caducidade emitida pola Xefatura Territorial da VCEEI o 04.08.2021 so facía referencia as concesións de explotación de recursos mineiros da sección D) Vulcano, núm. 4301, Ampliación a Vulcano, núm. 4319, Vulcano Tercera, núm. 4326, sen incluír as correspondentes concesións de explotación de recursos mineiros da sección C) con numeración coincidente.

Do mesmo xeito, a resolución do 07.07.2014 de declaración de caducidade da concesión de explotación de recursos da sección D) Coto Vulcano, núm. 5623, non inclúe a declaración de caducidade da concesión de recursos da sección C) do mesmo número.

Polo anterior, a Xefatura Territorial da VCEEI asinou o 07.12.2021 unha nova proposta complementaria.

Sexta.- Segundo consta en ambalas dúas propostas de resolución de caducidade, no Rexistro Mineiro de Galicia non consta que as concesións de explotación obxecto da solicitude de caducidade estean suxeitas a cargas ou gravames.





Sétima.- O artigo 5.7 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, establece que *"no caso de cese dos labores por parte da entidade explotadora por esgotamento do recurso, renuncia ao título mineiro ou calquera causa, a autoridade competente non aceptará a renuncia nin autorizará a caducidade [...] en tanto non se procedera a executar o plan de restauración aprobado [...]".* Segundo se indica en ámbalas dúas propostas de resolución, tras a autorización do 28.04.2021 de clausura e abandono definitivo dos labores mineiros, procede aceptar a renuncia do titular e resolver a caducidade dos dereitos.

Oitava.- Segundo consta no expediente de declaración de caducidade das concesións de explotación, a solicitude da sociedade Lignitos de Meirama, S.A. de declaración de caducidade das concesións de explotación de recursos das seccións C) e D) "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319 e "Vulcano Tercera" núm. 4326, e da sección C) Coto Vulcano núm. 5623, das que é titular, cumpre coa normativa de aplicación.

De acordo co que antecede, e vistas as proposta de Resolución da Xefatura Territorial da Coruña do 04.08.2021, e do 07.12.2021, a Lei 3/2008, do 3 de maio de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, do 25 de agosto de 1978, a Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO

1. Aceptar a renuncia presentada pola sociedade Lignitos de Meirama, SA sobre as concesións de explotación "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319 e "Vulcano Tercera" núm. 4326, de recursos mineiros das seccións C) e D), e sobre a concesión "Coto Vulcano" núm. 5623 para recursos da sección C), das que é titular.

2. Declarar a caducidade para os efectos administrativos das concesións de explotación de recursos das seccións C) e D) "Vulcano" núm. 4301, "Ampliación a Vulcano" núm. 4319 e "Vulcano Tercera" núm. 4326, e da concesión de explotación de recursos da sección C) "Coto Vulcano" núm. 5623, da provincia da Coruña.

Os perímetros dos dereitos que se caducan son os que se indican a continuación:

C.E "Vulcano" núm. 4301:

	ED50		ETRS89	
	Lonxitude	latitude	Lonxitude	latitude
1	-8° 26' 19,56"	43° 12' 14,75"	-8° 26' 25,05850"	43° 12' 10,62702"
2	-8° 26' 30,632	43° 12' 14,74"	-8° 26' 36,12893"	43° 12' 10,61652"
3	-8° 26' 30,67"	43° 12' 47,13	-8° 26' 36,16943"	43° 12' 43,00783"





4	-8° 26' 4,10"	43° 12' 47,15	-8° 26' 09,59955"	43° 12' 43,02844"
5	-8° 26' 4,08"	43° 12' 27,72"	-8° 26' 09,57827"	43° 12' 23,59789"
6	-8° 25' 46,37"	43° 12' 27,73"	-8° 25' 51,86779"	43° 12' 23,60809"
7	-8° 25' 46,36"	43° 12' 18,01"	-8° 25' 51,85753"	43° 12' 13,88779"
8	-8° 25' 41,93"	43° 12' 18,01"	-8° 25' 47,42747"	43° 12' 13,88778"
9	-8° 25' 41,92"	43° 12' 14,77"	-8° 25' 47,41731"	43° 12' 10,64764"
10	-8° 25' 33,07"	43° 12' 14,78"	-8° 25' 38,56742"	43° 12' 10,65790"
11	-8° 25' 33,05"	43° 11' 55,34"	-8° 25' 38,54673"	43° 11' 51,21727"
12	-8° 25' 50,76"	43° 11' 55,33"	-8° 25' 56,25727"	43° 11' 51,20666"
13	-8° 25' 50,76"	43° 12' 1,81"	-8° 25' 56,25745"	43° 11' 57,68717"
14	-8° 25' 55,19"	43° 12' 1,81"	-8° 26' 00,68763"	43° 11' 57,68676"
15	-8° 25' 55,20"	43° 12' 5,05"	-8° 26' 00,69753"	43° 12' 00,92722"
16	-8° 26' 4,05"	43° 12' 5,04"	-8° 26' 09,54792"	43° 12' 00,91681"
17	-8° 26' 4,06"	43° 12' 8,28"	-8° 26' 09,55795"	43° 12' 04,15727"
18	-8° 26' 12,91"	43° 12' 8,28"	-8° 26' 18,40838"	43° 12' 04,15672"
19	-8° 26' 12,91"	43° 12' 11,52"	-8° 26' 18,40835"	43° 12' 07,39713"
20	-8° 26' 17,34"	43° 12' 11,52"	-8° 26' 22,83828"	43° 12' 07,39681"

C.E "Ampliación a Vulcano" núm. 4319: Constituido polo perímetro de Vulcano 4301, e o perímetro exterior seguinte:

	ED50		ETRS89	
	Lonxitude	latitude	Lonxitude	latitude
1	-8° 26' 44,04"	43° 13' 45,43"	-8° 26' 49.54525"	43° 13' 41.31797"
2	-8° 24' 44,45"	43° 13' 45,50"	-8° 24' 49.95188"	43° 13' 41.39028"
3	-8° 24' 44,34"	43° 11' 45,65"	-8° 24' 49.83715"	43° 11' 41.53687"
4	-8° 26' 43,87"	43° 11' 45,58"	-8° 26' 49.37058"	43° 11' 41.46462"

C.E "Vulcano Tercera" núm. 4326:

	ED50		ETRS89	
	Lonxitude	latitude	Lonxitude	latitude
1	-8° 23' 42,36"	43° 11' 52,16"	-8° 23' 47.85554"	43° 11' 48.04814"
2	-8° 23' 42,33"	43° 11' 3,57"	-8° 23' 47.82362"	43° 10' 59.45670"
3	-8° 26' 39,38"	43° 11' 3,47"	-8° 26' 44.87879"	43° 10' 59.35351"





4	-8°26' 39,44"	43° 11' 45,58"	-8° 26' 44.94045"	43° 11' 41.46471"
5	-8° 24' 44,34"	43° 11'45,65"	-8° 24' 49.83715"	43° 11' 41.53687"
6	-8° 24' 44,34"	43° 11' 52,13"	-8° 24' 49.83741"	43° 11' 48.01706"

C.E "Coto Vulcano" núm. 5623

Perímetro interior

	ED50		ETRS89	
	Lonxitude	latitude	Lonxitude	latitude
1	-8° 26' 44,04"	43° 13' 45,43"	-8° 26' 49.54525"	43° 13' 41.31797"
2	-8° 24' 44,45"	43° 13' 45,50"	-8° 24' 49.95188"	43° 13' 41.39028"
3	-8° 24' 44,34"	43° 11' 52,13"	-8° 24' 49.83741"	43° 11' 48.01706"
4	-8° 23' 42,36"	43° 11' 52,16"	-8° 23' 47.85554"	43° 11' 48.04814"
5	-8° 23' 42,33"	43° 11' 3,57"	-8° 23' 47.82362"	43° 10' 59.45670"
6	-8° 26' 39,38"	43° 11' 3,47"	-8° 26' 44.87879"	43° 10' 59.35351"
7	-8°26' 39,44"	43° 11' 45,58"	-8° 26' 44.94045"	43° 11' 41.46471"
8	-8° 26' 43,87"	43° 11' 45,58"	-8° 26' 49.37058"	43° 11' 41.46462"

Perímetro exterior:

	ED50		ETRS89	
	Lonxitude	latitude	Lonxitude	latitude
1	-8° 21' 42,82"	43° 10' 15,00	-8°21' 48.30857"	43°10' 10.88572"
2	-8° 28' 7,83"	43° 10' 14,80	-8°28' 13.32767"	43°10' 10.67928"
3	-8° 28' 7,83"	43° 14' 56,61	-8°28' 13.33556"	43°14' 52.49986"
4	-8° 22' 36,03"	43° 14' 56,61	-8°22' 41.52810"	43°14' 52.50557"
5	-8° 22' 36,03"	43° 15' 0,04	-8°22' 41.52825"	43°14' 55.93560"
6	-8° 22' 13,87	43° 15' 0,04	-8°22' 19.36786"	43°14' 55.93611"
7	-8° 22' 13,87	43° 14' 56,80	-8°22' 19.36744"	43°14' 52.69572"
8	-8° 21' 42,86	43° 14' 56,80	-8°21' 48.35684"	43°14' 52.69646"
9	-8° 21' 42,85	43° 14' 34,13	-8°21' 48.34636"	43°14' 30.02538"
10	-8° 21' 47,28	43° 14' 34,13	-8°21' 52.77649"	43°14' 30.02537"
11	-8° 21' 47,28	43° 14' 37,37	-8°21' 52.77652"	43°14' 33.26543"
12	-8° 21' 56,15	43° 14' 37,37	-8°22' 01.64668"	43°14' 33.26533"
13	-8° 21' 56,15	43°14' 40,61	-8°22' 01.64684"	43°14' 36.50539"





14	-8° 22' 0,58'	43°14' 40,61	-8°22' 06.07666"	43°14' 36.50556"
15	-8° 22' 0,58	43° 14' 43,85	-8°22' 06.07689"	43°14' 39.74562"
16	-8° 22' 5,01	43° 14' 43,85	-8°22' 10.50722"	43°14' 39.74543"
17	-8° 22' 5,01	43° 14' 47,09	-8°22' 10.50707"	43°14' 42.98548"
18	-8° 22' 9,44	43° 14' 47,09	-8°22' 14.93746"	43°14' 42.98556"
19	-8° 22' 9,44	43° 14' 50,33	-8°22' 14.93737"	43°14' 46.22562"
20	-8° 22' 13,87	43° 14' 50,33	-8°22' 19.36739"	43°14' 46.22565"
21	-8° 22' 13,87	43° 14' 53,56	-8°22' 19.36747"	43°14' 49.45566"
22	-8° 22' 18,30	43° 14' 53,56	-8°22' 23.79755"	43°14' 49.45565"
23	-8° 22' 18,30	43° 14' 56,80	-8°22' 23.79759"	43°14' 52.69570"
24	-8° 22' 31,60	43° 14' 56,80	-8°22' 37.09824"	43°14' 52.69542"
25	-8° 22' 31,60	43° 14' 50,32	-8°22' 37.09777"	43°14' 46.21530"
26	-8° 22' 36,02	43° 14' 50,32	-8°22' 41.51803"	43°14' 46.21536"
27	-8° 22' 36,02	43° 14' 47,08	-8°22' 41.51817"	43°14' 42.97530"
28	-8° 22' 40,45	43° 14' 47,08	-8°22' 45.94813"	43°14' 42.97505"
29	-8° 22' 40,45	43° 14' 43,84	-8°22' 45.94820"	43°14' 39.73499"
30	-8° 22' 44,88	43° 14' 43,84	-8°22' 50.37809"	43°14' 39.73501"
31	-8° 22' 44,88	43° 14' 40,60	-8°22' 50.37810"	43°14' 36.49495"
32	-8° 22' 49,31	43° 14' 40,60	-8°22' 54.80837"	43°14' 36.49492"
33	-8° 22' 49,31	43° 14' 37,36	-8°22' 54.80832"	43°14' 33.25453"
34	-8° 22' 53,74	43° 14' 37,37	-8°22' 59.23807"	43°14' 33.25478"
35	-8° 22' 53,74	43 14' 30,88	-8°22' 59.23783"	43°14' 26.77401"
36	-8° 22' 58,17	43° 14' 30,88	-8°23' 03.66791"	43°14' 26.77388"
37	-8° 22' 58,17	43° 14' 27,64	-8°23' 03.66772"	43°14' 23.53382"
38	-8° 23' 2,60	43° 14' 27,64	-8°23' 08.09772"	43°14' 23.53397"
39	-8° 23' 2,60	43° 14' 24,40	-8°23' 08.09791"	43°14' 20.29391"
40	-8° 23' 7,02	43° 14' 24,40	-8°23' 12.51766"	43°14' 20.29364"
41	-8° 23' 7,02	43° 14' 21,16'	-8°23' 12.51778"	43°14' 17.05357"
42	-8° 23' 11,45	43° 14' 21,16	-8°23' 16.94766"	43°14' 17.05363"
43	-8° 23' 11,45	43° 14' 17,92	-8°23' 16.94772"	43°14' 13.81356"
44	-8° 23' 15,88	43° 14' 17,92	-8°23' 21.37797"	43°14' 13.81325"





45	-8° 23' 15,88	43° 14' 14,68'	-8°23' 21.37797"	43°14' 10.57319"
46	-8° 23' 20,31	43° 14' 14,68	-8°23' 25.80815"	43°14' 10.57315"
47	-8° 23' 20,31	43° 14' 8,20	-8°23' 25.80801"	43°14' 04.09302"
48	-8° 23' 24,74	43° 14' 8,20	-8°23' 30.23807"	43°14' 04.09293"
49	-8° 23' 24,74	43° 14' 1,72	-8°23' 30.23779"	43°13' 57.61247"
50	-8° 23' 15,87	43° 14' 1,72	-8°23' 21.36729"	43°13' 57.61286"
51	-8° 23' 15,87	43° 13' 59,49	-8°23' 21.36739"	43°13' 55.38258"
52	-8° 23' 11,44	43° 13' 58,49	-8°23' 16.93732"	43°13' 54.38251"
53	-8° 23' 11,44	43° 13' 55,25	-8°23' 16.93738"	43°13' 51.14244"
54	-8° 23' 7,01	43° 13' 55,25	-8°23' 12.50714"	43°13' 51.14238"
55	-8° 23' 7,01	43° 13' 52,01	-8°23' 12.50681"	43°13' 47.90231"
56	-8° 23' 2,58	43° 13' 52,01	-8°23' 08.07708"	43°13' 47.90253"
57	-8° 23' 2,58	43° 13' 48,77	-8°23' 08.07682"	43°13' 44.66246"
58	-8° 22' 58,15	43° 13' 48,77	-8°23' 03.64671"	43°13' 44.66231"
59	-8° 22' 58,15	43° 13' 45,54	-8°23' 03.64641"	43°13' 41.43229"
60	-8° 22' 49,29	43° 13' 45,54	-8°22' 54.78632"	43°13' 41.43248"
61	-8° 22' 49,29	43° 13' 42,30	-8°22' 54.78626"	43°13' 38.19241"
62	-8° 22' 44,86	43° 13' 42,30	-8°22' 50.35628"	43°13' 38.19244"
63	-8° 22' 44,86	43° 13' 39,06'	-8°22' 50.35628"	43°13' 34.95237"
64	-8° 22' 40,43	43° 13' 39,06'	-8°22' 45.92592"	43°13' 34.95235"
65	-8° 22' 40,43	43° 13' 35,82	-8°22' 45.92598"	43°13' 31.71228"
66	-8° 22' 36,00	43° 13' 35,82	-8°22' 41.49569"	43°13' 31.71221"
67	-8° 22' 36,00	43° 13' 32,59	-8°22' 41.49572"	43°13' 28.48219"
68	-8° 22' 27,14	43° 13' 32,59	-8°22' 32.63526"	43°13' 28.48223"
69	-8° 22' 27,14	43° 13' 35,83	-8°22' 32.63545"	43°13' 31.72231"
70	-8° 22' 22,71	43° 13' 35,83	-8°22' 28.20560"	43°13' 31.72242"
71	-8° 22' 22,71	43° 13' 42,30	-8°22' 28.20549"	43°13' 38.19251"
72	-8° 22' 18,28	43° 13' 42,30	-8°22' 23.77541"	43°13' 38.20263"
73	-8° 22' 18,28	43° 13' 45,54"	-8°22' 23.77556"	43°13' 41.43330"
74	-8° 22' 13,85	43° 13' 45,54"	-8°22' 19.34551"	43°13' 41.43332"
75	-8° 22' 13,85	43° 13' 48,78	-8°22' 19.34594"	43°13' 44.67339"





76	-8° 22' 9,42	43° 13' 48,78	-8°22' 14.91583"	43°13' 44.67336"
77	-8° 22' 9,42	43° 13' 52,02"	-8°22' 14.91575"	43°13' 47.91343"
78	-8° 22' 5,00	43° 13' 52,02"	-8°22' 10.49577"	43°13' 47.91341"
79	-8° 22' 5,00	43° 13' 55,27	-8°22' 10.49562"	43°13' 51.15380"
80	-8° 22' 0,57	43° 13' 55,27	-8°22' 06.06583"	43°13' 51.15368"
81	-8° 22' 0,57	43° 14' 1,74	-8°22' 06.06585"	43°13' 57.63381"
82	-8° 21' 56,14	43° 14' 1,74	-8°22' 01.63592"	43°13' 57.63396"
83	-8° 21' 56,14	43° 14' 4,98"	-8°22' 01.63564"	43°14' 00.87403"
84	-8° 21' 51,71	43° 14' 4,98"	-8°21' 57.20565"	43°14' 00.87413"
85	-8° 21' 51,71	43° 14' 8,22	-8°21' 57.20575"	43°14' 04.11420"
86	-8° 21' 47,28	43° 14' 8,22	-8°21' 52.77569"	43°14' 04.11426"
87	-8° 21' 47,28	43° 14' 11,46	-8°21' 52.77573"	43°14' 07.35432"
88	-8° 21' 42,85	43° 14' 11,46	-8°21' 48.34560"	43°14' 07.35433"

Estas caducidades declárase deixando a salvo calquera outra responsabilidade ou obriga de carácter civil conforme o artigo 112 do Regulamento xeral para réxime da minería, así como os dereitos de terceiros, especialmente a obriga de cumprimento das normas laborais de aplicación.

A Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña deberá proceder á inscrición das correspondentes anotacións de caducidade no Rexistro Mineiro.

A Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña deberá practicar a comunicación desta resolución a todas as partes interesadas no procedemento, así como á Consellería de Facenda e Administración Pública a efectos de canon de superficie.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben, recurso potestativo de reposición ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, no prazo dun mes, a contar desde a mesma data, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente.





Santiago de Compostela,
O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

P.D. Orde do 24.06.2021 (DOG Nº 127, do 06.07.2021)
A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
(asinado dixitalmente)

Paula Mª Uría Traba

